

Professional Machine Learning Engineer

Descrición

Este curso presenta as propostas de intelixencia artificial (IA) e aprendizaxe automática (ML) en Google Cloud que dan soporte ao ciclo de vida de datos en IA a través das bases, o desenvolvemento e as solucións de Intelixencia Artificial. Explora as tecnoloxías, produtos e ferramentas dispoñibles para construír un modelo de ML, un proceso de ML e un proxecto de IA xenerativa. Aprenderás a construír modelos automáticos de aprendizaxe automática (AutoML) sen escribir unha soa liña de código; construír modelos BigQuery ML utilizando SQL e crear traballos de adestramento personalizados de Vertex AI utilizando Keras e TensorFlow. Tamén explorarás técnicas de preprocesamiento de datos e enxeñería de características.

As probas de selección serán PRESENCIAIS e terán lugar na sede do CNTG.

Para a realización da citada proba de selección, é recomendable ter un coñecemento de nivel medio de comprensión lectora en inglés, posto que a proba pode incluír preguntas en inglés e o exame oficial de certificación ao que se opta neste curso realízase en inglés.

Para seguir o curso é necesario que o equipo conte con altofalantes ou auriculares.

Obxectivos

Este curso ensina aos participantes as seguintes habilidades:

- Comprender cando utilizar AutoML e BigQuery ML.
- Crear datasets xestionados por Vertex AI.
- Agregar características ao Vertex AI Feature Store.
- Describir Analytics Hub, Dataplex e Data Catalog.
- Describir como mellorar o rendemento do modelo.
- Crear un caderno xestionado por Vertex AI Workbench, construír un traballo de adestramento personalizado e despregalo mediante un contedor Docker.
- Describir predicións por lotes e en liña e monitorización do modelo.
- Describir como mellorar a calidade dos datos e explorar os mesmos.
- Construír e adestrar modelos de aprendizaxe supervisada.
- Optimizar e avaliar modelos mediante funcións de perda e métricas de rendemento.
- Crear datasets de adestramento, avaliación e proba repetibles e escalables.
- Implementar modelos de ML mediante TensorFlow ou Keras.
- Comprender os beneficios de utilizar a enxeñería baseada en características.
- Explicar a monitorización de modelos e os procesos de Vertex AI.

Exame de certificación incluído: Professional Machine Learning Engineer

Dirixido a

Este curso está dirixido aos seguintes perfís laborais:

- Futuros analistas de datos de machine learning, científicos de datos e enxeñeiros de datos.
- Alumnos que desexan aprender ML e utilizar Vertex AI, AutoML, BigQuery ML, Vertex AI Feature Store, Vertex AI Workbench, Dataflow, Vertex AI Vizier para axuste de hiperparámetros e TensorFlow/Keras.

Para aproveitar ao máximo este curso, os participantes deben ter:

- Conceptos básicos de Machine Learning.
- Coñecementos básicos dalgunha linguaxe de programación, preferiblemente Python.
- Recomendable ter coñecemento nivel medio comprensión lectora de ínguas.

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

Os nosos formadores son persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso Google) para impartir estes cursos

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	02/03/2026 - 19/03/2026
PROBA DE SELECCIÓN	24/03/2026 (19:30)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	40 horas
DATA INICIO	07/04/2026
DATA FIN	17/04/2026
HORARIO	De luns a vernes de 16:30 a 21:00 horas. Último día de 16:30 a
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí

EXAME CERTIFICACIÓN Professional Machine Learning Engineer

MÓDULOS TRANSVERSAIS Igualdade de 5 horas

TECNOLOXÍA Google

IA

PERIODO DOCENCIA 07/04/2026 - 17/04/2026

Temario

Introdución á IA e ao Machine Learning en Google Cloud

- Introdución ao curso
- Fundamentos de IA
- Opcións de desenvolvemento en IA
- Fluxo de traballo en desenvolvemento en IA
- IA Xenerativa

Machine Learning en Google Cloud

- Introdución á Intelixencia Artificial e o Machine Learning en Google Cloud
- Iniciándose na Aprendizaxe Automática
- TensorFlow en Google Cloud
- Enxeñería de Características
- Machine Learning na Empresa